

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MARTAGONA  
ESPECIALISTA: RUBÉN RODRÍGUEZ REGUEIRA  
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B 1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo o natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da súa competencia motriz.
	EFB1 3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica	EFB2 1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
	EFB2 1.2. Toma conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas á condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3 1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3 1.2. Adapta a habilidade motriz básica do salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3 1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando os xestos cos segmentos dominantes e non dominantes.
	EFB3 1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os tres eixos corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
	EFB3 1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
	EFB3 1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cada un mesmo.	EFB5 1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, unha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
	EFB5 1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática,

	valorando a súa función preventiva.
B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6 4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: recompilación e análise das producións do alumnado (vídeos, traballos individuais, participación en actividades grupais...).
	Instrumentos: Portfolio dixital acumulativo das producións do alumnado.
<b>Cualificación final</b>	A cualificación final será a resultante do cálculo da nota media das cualificacións obtidas durante a primeira e a segunda avaliación. A valoración das tarefas desenvolvidas durante o terceiro trimestre so terá valor positivo para a cualificación final do alumnado ( <b>1 PUNTO, en todo caso</b> ).
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non se contempla na etapa.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Favoreceremos ao alumnado, dándolle a oportunidade de recuperar as materias suspensas do 1º e/ou 2º trimestre. Proporáselle algunha tarefa a maiores, actividades extraordinarias (sempre de repaso e reforzo), valorando que estas se realicen o mellor posible, seguindo as pautas do titor/a. Aquel que cumpra con estas premisas recuperará a materia, e o que non manterá o suspenso.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Repaso e reforzo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Metodoloxía globalizada, coordinándose o equipo de profesores que traballa en cada curso, tentando ser coherentes na cantidade de tarefas propostas, buscando a motivación do alumnado.</p> <p>O alumnado recibe semanalmente un vídeo elaborado polo mestre especialista en Educación Física no que se propón unha rutina de exercicios, así como un reto. O alumnado que o desexe pode devolverlle ao mestre un vídeo cos resolución do reto.</p> <p>Así mesmo, na Aula Virtual do centro cólganse, no apartado correspondente, multitude de recursos complementarios a disposición das familias. O medio de difusión é tanto a páxina web como grupos de whatsapp creados a tal efecto. A totalidade de familias están conectadas por este último medio.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Material propio da área (procúrase que non sexa moi específico, tratando de aproveitar obxectos que as nenas e nenos teñen na casa, ou proponendo a elaboración dos mesmos con materiais de refugallo), como pelotas de diferentes tamaños, cordas, botellas de auga, palas feitas con cartón...

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Informarase ao alumnado e ás familias a través dos medios que se veñen utilizando dende o inicio do confinamento (grupos de difusión, páxina web, chamadas telefónicas).</p> <p>Indicarase ás familias o seguinte “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección Educativa, polo que pode sufrir modificacións, que serán convenientemente informados”.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicarase na páxina web do centro.